

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2023/1	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	26 de XANEIRO de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata 21:15 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI




Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### 1.- Aprobación da acta da sesión anterior

**Favorable**

**Tipo de votación**

Procédese á aprobación da acta da sesión de xuño por unanimidade.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

### - PREGUNTAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO:

- **PP:**

**PREGUNTA 1.-** Segundo podemos saber, ao abeiro da Orde do 29 de decembro do 2021 pola que se convocaban subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, a Xunta de Galicia concedeulle ao Concello de Outes mediante un sistema de xestión compartida co Concello de Negreira unha axuda por valor de 43.750,00€ para realizar a obra denominada Camiño de Cuns á Salgueira.

No artigo 18 pto. 1 das Bases Reguladoras da convocatoria establécese no relativo á xustificación da subvención, que “1. As entidades beneficiarias terán de prazo para executar as actuacións subvencionadas e presentar a documentación xustificativa ata o 31 de outubro de 2022”.

E no mesmo artigo, no punto 5 establécese que: “5. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de Subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro”.



Como xa pasou a data de xustificación e non somos coñecedores de que se aprobase ningunha certificación de obra antes do 31 de outubro pasado, nin temos constancia de que a obra estivera executada daquela, nin de que houbo ningunha modificación nas Bases Reguladoras con respecto ao prazo de xustificación, as nosas preguntas son:

¿Houbo algunha modificación nas Bases Reguladoras en canto ao prazo de xustificación ou respecto a calquera outra cuestión?

De ser así, ¿cales foron esas modificacións?

¿Estamos ante outra subvención concedida pola Xunta de Galicia e que se perdeu por non ser xustificada en tempo e forma polo Goberno Municipal?

Responde o Sr. González que houbo unha modificación nas bases reguladoras que foi publicado no DOGA do 28 de outubro e a data límite de xustificación pasou a ser o 18 de novembro. En calquera caso esa obra non se puido executar por cuestións meteorolóxicas impediron levala a cabo. Trasladámoslles a administración local estas circunstancias e efectivamente acordamos unha posibilidade diferente para que dende esta Dirección Xeral para que se poida realizar esta actividade.

Intervén a Sra. Molinos para indicar que a terceira pregunta non lle quedou moi clara e procede a repetir a mesma.

Ao que o Sr. González indica que a actuación non foi rematada en tempo e forma e é posible que esa subvención se perda pero buscamos outra solución coa Directora Xeral que se vai concretar nos vindeiros días.

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que ata certo punto comprende a situación do Sr. Alcalde por que ten que xustificar o inxustificable, pode escusar a situación pero a realidade é a que é e perdeuse esa axuda. Resposta o Sr. González que existe informe e que a xustificación son as cuestións meteorolóxicas. Continúa a Sra. Molinos que non lles parece de recibo que se perdan subvencións xa concedidas e que non se fagan tempo e forma e que esta se sume ás xa perdidas no Concello de Outes, é unha situación que se leva repetindo ao longo do seu mandato e pon algún exemplos.

Responde o Sr. González que volve a dicir que sobre un problema meteorolóxico non se puido acometer e o que fixemos foi buscar unha solución.

**PREGUNTA 2.** O pasado día 11 de decembro do 2022, fixemos unha petición ao Goberno para que nos facilitasen un listado de facturas que naquela data tiveran rexistro de entrada no Concello e estiveran sin pagar aos seus titulares. A día de hoxe non recibimos nin o solicitado nin contestación a nosa petición.

Polo tanto preguntámoslle ao Goberno:



¿Cal é a razón pola que non se nos facilita esa información?

¿Cantas facturas e por que valor quedaron sin pagar no ano 2022?

Responde o Sr. González que a razón foi por dous motivos, o primeiro a carga de traballo do departamento de Intervención e Tesourería xunto cunha serie de problemas técnicos á hora de baixar ese listaxe que pode consultar na área. O número de facturas son 1.495 facturas das cales 1.247 correspondese ao consumo enerxético e o valor estimado son 430.000€.

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que na parte de porque non se facilita a información pon vostedes as excusas de sempre, na gran carga de traballo dos traballadores. En relación ás facturas sen pagar son facturas que van a ter que vir a REC cun orzamento prorrogado, xa que como dixo non se dan nin as condicións técnicas nin políticas e son 430.000€. Parece lamentable e que non casa moito co que indica co problema puntual das facturas ou que a interventora era nova, etc. Quixeramos dicirlle que en mandatos anteriores estivemos moito tempo sen interventora e as facturas pagábanse igual e agora non se pagan e o único que cambiou foi o goberno.

Responde o Sr. González que reitera o explicado e que non dixo que non se fosen a pagar en 2022. Dixen que houbo un problema puntual e esperemos que nal vindeiras semanas podamos solventalo.

**PREGUNTA 3.** Segundo puidemos saber, o programa de conciliación Tardes Divertidas que se viña ofrecendo aos rapaces do Concello dende fai anos a través do CIM e que contaba con gran aceptación, podería ser eliminado da oferta Concello.

Sorpréndenos que un servizo que sempre funcionou ben e co que os pais se mostraban satisfeitos, agora non conte con esa mesma aceptación.

As nosas preguntas ao respecto son:

¿Está funcionando o servizo Tardes Divertidas?

De ser así, ¿vai seguir funcionando no que queda de curso?

De non ser así, ¿cales son as razóns polas que vostedes consideran que non haxa a demanda de anos anteriores?

Responde o Sr. González que nestes momentos non esta funcionando porque observamos que tiña unha moi baixa demanda no último trimestre de 2022 e as razóns fundamentais co cambio de xornada do colexio e as ofertas de actividades do colexio e a ANPA fai que non haxa tanta demanda neste servizo.

Responde a Sra. Molinos que pódese adaptar o horario a este cambio de xornada, porque hai 4 anos cando tiña moita máis aceptación tamén había esas actividades e



o que non había era as do colexio que son gratuítas e igual ten algo que ver porque tardes divertidas custa 20€ ao mes e por iso ao mellor non ten tanta demanda.

**PREGUNTA 4.** No Pleno ordinario do pasado mes de outubro o noso grupo fíxolle unha pregunta sobre as actividades que se estaban a impartir no Centro Náutico Francisco Rama (Fufú) do Freixo. O Concelleiro de Deportes manifestou que non se estaban levando a cabo os cursos porque non había monitor, xa que o titular estaba de excedencia e o Goberno estaba traballando para solventar a situación, polo tanto, ao non haber monitor, non había cursos nin alumnos.

Pasados tres meses , preguntámoslle ao Goberno:

¿Que tipo de actividades lle están ofrecendo aos rapaces que acoden na fin de semana ao Centro Náutico?

De estar impartíndose algún curso, ¿Quere eso dicir que xa está solventado o tema da substitución de monitor, no que levan traballando dende setembro do ano pasado para cubrir a baixa?

Responde o Sr. Rodríguez que indica que a día de hoxe as persoas que fan uso do Centro Náutico a fin de semana fano de xeito libre e poñemos a súa disposición que supervisa o material e apoio marítimo mentres realizan a navegación, pero cursos non hai. Non hai curso non hai monitor.

Toma a palabra a Sra. Molinos que pregunta se non hai cursos porque non hai monitor ou non hai monitor porque non hai cursos e en canto de xeito libre son rapaces menores ou maiores? Ao que o Sr. Rodríguez responde que algúns son menores supervisados polos pais e este monitor.

**PREGUNTA 5.** Varios veciños nos fixeron chegar as súas queixas polo mal estado en que se encontra a Fonte da Margarida. A auga non sae polo caño como sería o adecuado e inunda a contorna, desbordando a cuneta. Eses mesmos veciños informáronnos que xa lle fixeron chegar ao Goberno a existencia dese problema pero que non recibiron ningunha solución pola súa parte.

¿Ten o Goberno pensado facer algunha actuación para resolver eses problema?

De ser así, ¿Que van facer e cando?

Responde o Sr. González que xa intentamos desatascalo e non foi posible co motobomba e vaise intentar abrir unha zanja detrás da ponte para solventar o problema que é o que pretendemos facer nas vindeiras semanas.

- **BNG:**



**PREGUNTA 1.** Están a piques de trasladar o PAI ás novas instalacións de Roo e poñer os cementos do que será a escola infantil municipal. Tendo en conta o seu historial neste mandato gustaríanos saber se hai, realmente, un compromiso de garantir unhas boas condicións laborais que permitan un servizo de calidade. Cantas prazas prevén que poderán acoller as novas instalacións? Canto persoal prevén será preciso para estas prazas? Que ratios pretenden cumprir por quenda?

Responde o Sr. González que as prazas máximas son 30 simultaneamente e as necesidades de persoal son 5 persoas a tempo completo e os ratios os que marca a lei.

**PREGUNTA 2.** En decembro instaláronse luminarias no paseo fluvial da Serra, tal e como xa pediramos nas propostas ao POS do 2019 dentro dos arranxos que había que facer nos paseos. Optaron por engadir novos elementos en troques de aproveitar os espazos xa designados nos bancos. Por que optaron por esta opción? Por que motivo seguen apagadas ou se encenden con demasiada irregularidade?

Responde o Sr. González que optaron por esa opción porque as luminarias non nola aconsellaron para exteriores e temos unha serie de problemas e derivado das choivas houbo unha serie de enchentes e molláronse e saltaba o automática e o que temos que facer é illar as mesmas.

Pregunta o Sr. Núñez se non se fixo ningunha actuación para selar as tubaxes e por outra banda, que horarios van a ter as mesmas. Responde o Sr. González que non estaban contemplados e terán un alumeado semellante ao alumeado público. Indica o Sr. Núñez que cre adecuada que non é necesario que estean prendidas toda a noite ao que o Sr. González indica que se pode estudar.

**PREGUNTA 3.** Xa vai máis dun ano que estamos agardando información sobre o cambio de xestión do lixo de Outes á mancomunidade do Barbanza, tal e como se aprobou na nosa moción. En que estado se atopa isto e que documentación ou información recibiron por parte da mancomunidade?

Responde o Sr. González que o estado está igual e que non recibiron ningunha resposta. Pregunta o Sr. Núñez se non hai absolutamente nada e se non tiveron ningún contacto coa mancomunidade ou algunha reunión ao que o Sr. González responde que non.

**PREGUNTA 4.** Levan meses dicindo que está a piques de abrir o Museo da carpintaría de ribeira, de momento non temos constancia de que así sexa. Cal é o motivo desta demora e cando pensan abrillo?



O Sr. González indica que se vai a inaugurar o 4 de febreiro e están convidados á apertura do espazo museístico dos que nos sentimos moi orgullosos. Indica o Sr. Núñez que é ás 12 da mañá e non sei se non se da de conta a xente traballa e a casualidade de que horario máis común é que a xente vaia traballar. Indica o Sr. González que lamentamos esa xente que non poida acudir.

**PREGUNTA 5.** Solicitamos, en varias ocasións, que se fixeran os trámites necesarios para continuar a beirarrúa da Avd. Do Rocío ate a Rúa da Margarida para aumentar a seguridade vial e que se arranxara a AC-550 e AC-196. Cando e que trámites fixo o goberno ate o momento? Consequiron algún acordo, permiso ou investimento por parte da Xunta? En que situación se atopa a ampliación da beirarrúa?

Responde o Sr. González que trasladaron esta necesidade xa en varias reunións das cuestións ás que fan referencia non tivemos resposta e esta mesma semana dirixímosmos á Consellería para solventar o mesmo e agardemos que teñan en conta as nosas peticións. Indica o Sr. Núñez que para eles esta é unha actuación moi urxente e que presentamos varias iniciativas no parlamento e que a día de hoxe coas choivas é un gran perigo para os vehículos, peóns ou ciclistas. É urxente que fagan presións.

**PREGUNTA 6.** Fai máis dun ano comezaron un programa local co reparto de composteiros individuais que supuxo un investimento económico importante. En que estado se atopa esta iniciativa? Fixeron algún tipo de seguimento para comprobar o funcionamento dos composteiros repartidos e a calidade da compostaxe xerada? Cales son os datos de resultados da iniciativa?

Responde o Sr. González que si que se fixo seguimento e unha serie de visitas a todos os fogares e segundo os datos o 96% dos composteiros están en uso dando servizo a 339 persoas. A cantidade de fracción orgánica en uso no momento da visita era de 30.933,75 KG e neste momento está funcionando algúns dos composteiros comunitarios que amplían estes datos.

**PREGUNTA 7.** Estes días estiveron instalando a marquesiña da xunta na avd de compostela. Por que se optou por esa ubicación? Encontraron unha alternativa á outra banda da parada? Quen financiou a marquesiña e a instalación? Instalouno unha brigada municipal?



Responde o Sr. González que a razón era porque era o lugar máis achegado da propia parada de autobús e foi autorizado pola Xunta de Galicia e na banda contraria non hai posibilidade porque non hai espazo e quen financia é a xunta de Galicia e a instalación corre a cargo do concello, neste caso da brigada municipal.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que nos parece triste que os concellos teñamos que gastar tempo e recursos para a instalación da mesma e cremos que é un lugar complicado e entendemos que habería que buscar unha alternativa e fora accesible a todo o mundo e un servizo máis cómodo que a actual non cumpre. O Sr. González indica que non atoparon unha localización mellor e que máis adiante poderían estudalo.

**PREGUNTA 8.** Somos coñecedores de que están facendo reparto de castiñeiros entre a veciñanza. Cal é a razón pola que esixen a referencia catastral da parcela se logo non fan un seguimento das plantacións?

Responde o Sr. González que a razón é que trátase de recuperar árbores autóctonas e plantalas nas franxas secundarias contra o lume e por iso o propietario ten que acreditarlo e esa é a idea e ten que haber un mínimo control e despois confiamos en que a maior parte dos solicitantes os planten onde teñen que facelo.

Indica a Sra. Suárez que o que pretendían con esta pregunta é que fosen conscientes de que están sobre cargando os servizos administrativos do Concello.

**PREGUNTA 9.** A semana pasada saíu vostede, na Voz de Galicia, atribuíndose o mérito dos informes desfavorables ante os parques eólicos de Maragouto e San Cosmeiro. Que foi o que fixo vostede realmente para defender a veciñanza de Outes da implantación destes parques eólicos?

Responde o Sr. González que non se atribúe mérito ningún senón que simplemente atendín á pregunta dun medio de comunicación. E o que sempre trasladei en público e neste Pleno e fai referencia ás verbas pronunciadas e as que se fan referencia na presente pregunta. Presentamos alegacións a eses partes igual que moitos veciños e o resultado foi o que foi.

Indica a Sra. Suárez que foi o que foi gracias ao traballo e ao esforzo de moitos colectivos veciñais, porque a nós non nos doen prendas de recoñecer o traballo e os esforzos veñan de quen veñan e foron ás das asociacións veciñais e deste grupo que lle trasladamos dende o primeiro día a problemática eólica do noso Concello. E foi traballo tamén do compañeiro do Partido Socialista e vostede Sr. González o único que fixo foi enganar aos veciños do Concello de Outes e atreveuse a sacar unha foto con un dos promotores deses parques eólicos. Non fixo nada así que non





se atribúa méritos que non merece. Responde o Sr. González que non se atribúe méritos.

**PREGUNTA 10.** No paseo da Ponte Nafonso, está unha empresa privada eliminando o sobresaínte das anclaxes das farolas. Por que non se lle esixiu á empresa que as instalou?

Responde o Sr. González que a empresa privada tamén foi a que fixo o proxecto das luminarias. Trasladámoslle en varias ocasións á empresa que o fixo que era necesario que se cortaran eses tornillos e como tardaban decidimos facelo nós xa que non estaba claros que a empresa tivera que facelo. Como non o estaba e antes de evitar problemas o que fixemos foi sacalos nós.

Responde a Sra. Suárez que o que fixeron foi que a empresa malamente intalou as farolas e ao que vostede chama 4 cm eran 10 e os riscos eran máis que evidentes e o que había que solicitarlle á empresa é que viñera a rematala en condicións e vostede o que fai é gastar os cartos dos veciños de Outes para facer un traballo que fixo mal a empresa instaladora.

**PREGUNTA 11.** Que cantidade percibiu o noso concello dos fondos Next Generation para paliar a fenda dixital? Non lle parece que habería que comezar, por obrigarlle a Movistar a facer un mantemento óptimo das liñas?

Responde o Sr. González que non recibiron ningún tipo deste fondo para destinalo a isto e obrigar a Movistar non podemos e o que facemos é trasladarlle unha queixa, non é unha empresa contratada polo concello e tampouco é a nosa competencia. Trasladamos a necesidade de mellorar pero non podemos obrigar.

Indica a Sra. Suárez que con relación aos fondos o Sr. González alardeaba de que ía recibilos para solventar este problema. Vostede é o máximo representante do Concello de Outes polo que é a súa obriga instar a Telefónica e que temos que explicarlle que hai moitos xeitos de que as empresas cumpran? A fenda dixital no noso Concello é enorme e igual ten que trasladar á Xunta de Galicia a problemática existente.

Responde o Sr. González que intentan atender o mellor posible as cuestións que son as súas competencias e o resto entenderá que nos é máis complicado porque non depende de nós.

#### **- Partido Socialista:**

**PREGUNTA 1.** Estamos a ver unha vez máis como o plan sectorial eólico de Galicia define para cada parque unha poligonal que xera extensións que multiplican as



necesidades eólicas de por si. En base a datos de outros países europeos, xa que en España aínda non dispoñemos destes, a afección dunha poligonal nunha vivenda, supón unha perda de valor da mesma arredor dun 30%. En algún país europeo estanse a denegar créditos hipotecarios sobre bens en zoas de afección eólica, supostamente porque non teñen garantido o retorno do préstamo ao resultar invendibles estas vivendas en caso de resultar errados os préstamos. Supoño que non coñecerá vostede estes datos, sen embargo ven vostede de negociar, sin contar coa oposición, un acordo económico supostamente súper beneficioso.

1.- ¿Calculou vostede a perda de valor que van ter as vivendas afectadas polo parque eólico de BANZAS?

Responde o Sr. González que non o calculou ao que responde o Sr. Caamaño e cita os diferentes datos con referencia do Observatorio eólico de Galicia do caso do Concello de Muras e indica que no Concello de Outes sería de depreciación de 30.000.000€ perda do valor das casas e enseres dentro do noso Concello.

2.- Cree vostede que entre 40.000€ e 100.000 € acordados por vostede para todo o parque, abundan para que os veciños estean perdendo un valor dun 30% nas súas propiedades?

Responde o Sr. González ao acordo que chegamos hai que enmarcalo nunha serie de información e quen ten competencia é o goberno da Xunta e o goberno do Estado. Nós presentamos alegacións e este parque é o único que ten o informe de impacto ambiental favorable pouco lle queda ao concello lle queda e o que ten que facer é tratar de paliar os danos que provocan telos cerca das vivendas, e só colle a metade no concello de Outes e indícame se hai outros acordos deste tipo noutros concellos. Parece que somos nós os responsables de que ese parque se vaia a levantar e o irresponsable sería non chegar a un acordo coa empresa promotora. Indica o Sr. Caamaño que o Sr. González indica que o Concello non ten competencia e claro que non pero ten competencia á horas dos informes favorables ou desfavorables e con relación ás alegacións recórdolle que foi un corta pega e que no parque eólico de Banzas poñía que afectaba a ADISBISMUR. E recórdolle que dende o noso concello só se permitiu presentar 50 alegacións porque senón bloqueábase o Concello.

3.- ¿Cree vostede que gobernando en minoría pode chegar a acordos de futuro do noso concello sin contar cos demais grupos políticos?



Responde o Sr. González que o problema é que temos acordo, que non o temos ou que non temos a maioría, porque non entendo cal é o problema. Entendo que non só podemos senón que debemos intentar chegar a un acordo e iso foi o que fixemos.

4.- ¿Cree vostede que o “seu asesor” do concello, valorou ó máximo a petición que podía ou debería pedir o concello ao representante da empresa eólica, fillo do mesmo?

Responde o Sr. González que reitera o dito e se o Sr. Caamaño ten un acordo mellor traíao aquí e non sei se o problema é que se cheguen a acordos. Igual a vostede parécelle mellor o parque eólico que temos hoxe no Concello e recibimos 40.000€ ao ano de concesión. O que estamos é contribuindo a paliar unha exterioridade negativa e tratamos de que os que están directamente afectados tiñan un beneficio.

Responde o Sr. Caamaño que en ningún momento subliñou que o 3% a que ía ir destinado porque creo que van ben destinados pero sigo pensando que meteu a pata en chegar a un acordo sen falar cos demais grupos municipais e sigo pensando que o seu asesor non tirou todo o que tiña que tirar para arriba para que o Concello para que en vez de 40.000 ou 50.000 € ingresara 200.000 € iso é o que penso e o que pensan moitos veciños de Outes.

Insiste o Sr. González que pensan que é pouco e que poñan un exemplo dalgún Concello que teña un acordo mellor.

#### **- PREGUNTAS PARA O VINDEIRO PLENO:**

- **PP:**

**PRIMEIRA 1.** Veciños de San Ourense fixéronnos chegar as súas queixas polo deficiente servizo que teñen de alumeadado público que está a sufrir continuos apagóns. Sabemos que ese mesmo problema tamén se da noutros lugares do Concello e sorpréndenos que despois de facer unha inversión para mellorar o alumeadado público do Concello o resultado sexa que haxa apagóns tan frecuentes.

1. A que se deben eses apagóns?
2. Teñen algunha solución a este problema? E de ser así, como pretenden solucionalo?

#### **- ROGOS:**



- **PP:**

**ROGO 1.** O goberno segue sen atender ás peticións de limpeza das estradas de Entíns a Fontenlos feitas por este grupo e polos veciños afectados. Rogamos por 25ª vez que tome as medidas necesarias para mellorar as beiras desa estrada en cuestión.

**ROGO 2.** As pasadas choivas inundaron de lama e pedras as cunetas da estrada provincial DP-3404 da Deputación e como vemos que segue no mesmo estado. Rogamos ao goberno que tome as medidas oportunas para que se adecente esa estrada.

**ROGO 3.** Vimos observando que moitas estradas municipais están nun estado lamentable de conservación con gran cantidade de baches e mantemento. Rogámoslle ao goberno que tome as medidas necesarias para poñer freo a ese deterioro das infraestruturas municipais.

- **BNG:**

**ROGO 1.** A estrada que pasa polo Piñeiro no Freixo está nunha condición lamentable e precisa dun arranxo urxente, polo que rogamus que procedan ao seu arranxo.

**ROGO 2.** Trasladarannos que no lugar do Barco en San Lourenzo as compañías están a poñer problemas para a instalación da fibra óptica e rogamus que o goberno medie para a mellora das telecomunicacións.

**ROGO 3.** O vial que conecta as naves que hai en Espiñeiro non conta con iluminación e tendo en conta o elevado número de veciños que a empregan e necesario por seguridade instalar luminarias na mesma e rogamus que o fagan.

**ROGO 4.** Rogamos que fagan unha boa limpeza e ensanche do vial entre o Espiñeiro e a Margarida.

**ROGO 5.** Pedimos que arranxen a canalización do desbordamento de auga que vai e que xa comentaron que tiñan previsión de arranxalo e que sexa na maior brevidade posible.



**ROGO 6.** Hai pouco fíxose a presentación pública da residencia Terra Mar no lugar de Pazos e rogamos que se instalen luminarias entre esta e o vial do lugar porque agora mesmo está a escuras.

**ROGO 7.** Queremos propoñer que dentro das liñas que debía seguir o goberno para facilitar a transparencia política e municipal e facilitar a vida aos veciños de Outes se habilite un apartado na páxina web do Concello para ter un acceso máis fácil ás ordenanzas municipais.

**ROGO 8.** Rogamos que instalen reixado dalgún tipo nas escaleiras do local social de Outes.

**ROGO 9.** A estrada a altura da Ponte esta invadida pola esorrenta que tivo lugar estes días polo que rogamos que nos vindeiros días atendan esta cuestión para que os restos invadan a estrada municipal.

- **Partido Socialista:**

**ROGO 1.** Rógolle ao goberno municipal que non cometa os mesmos erros que gobernos anteriores que crean que todo estaba ben feito. Rógolle que non cometa os mesmos erros.

*Remata a sesión ás 21:15 horas do que, como Secretaria, dou fe.*

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

